

Resolución do 1 de marzo de 2023 da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convoca a selección de alumnado que participará no Programa Mentoring FP durante o curso 2022/2023.

O Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, atribúelle, entre outras, o exercicio das seguintes competencias e funcións: O fomento do desenvolvemento de proxectos de innovación profesional e a ordenación e o desenvolvemento dun sistema de aprendizaxe permanente que, en coordinación cos diferentes departamentos e órganos competentes na aprendizaxe formal, non formal e informal, favoreza o desenvolvemento da cidadanía responsable e a cualificación das persoas para a súa inserción laboral, de xeito que poidan desenvolver o seu proxecto vital, particularmente no medio rural.

A lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, determina no artigo 39 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar aos alumnos e alumnas para a activade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda, contempla no relativo a relación coas empresas que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresarias e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes.

O Goberno galego aprobou no Consello da Xunta de Galicia do 10 de febreiro de 2022 a Estratexia de Formación Profesional Galicia 2030, que ten entre os seus principios inspiradores reducir a fenda laboral dando resposta as necesidades de capital humano con competencias profesionais axeitadas as demandas empresariais, desenvolvendo este proceso a través da colaboración público-privada. Ditos principios artéllanse a través de 7 eixes, entre os que está a formación adaptada ás persoas e ao sistema produtivo, e a calidade no desenvolvemento da formación.

O Goberno galego a través da Estratexia Galicia Dixital 2030 (en adiante, EGD2030), liderada pola Amtega e aprobada no Consello da Xunta de Galicia o 3 de decembro de 2020, asume a misión de facer fronte aos desafíos de Galicia na nova década, aproveitando a tecnoloxía dixital como vector transformador da sociedade e avanzando cara un modelo socioeconómico máis produtivo, competitivo e eficiente.

Coa visión posta en situar a nosa comunidade como rexión intelixente de referencia en Europa no ámbito social, económico e medioambiental, a EGD2030 establece distintas áreas de actuación para seguir avanzando na transformación dixital do territorio, entre as que se atopa o impulso da promoción do talento dixital.

En concreto, a EGD2030 establece un eixe estratéxico transversal dirixido á especialización tecnolóxica, que inclúe entre as súas prioridades a xeración e retención de especialistas en tecnoloxías disruptivas que contén cos coñecementos, aptitudes e habilidades necesarios para facer fronte aos retos da dixitalización nos vindeiros anos.



Neste contexto e aliñándose na consecución deste obxectivo, a Amtega impulsa o Plan DigiTalent 2030: Camiña en Dixital, para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital en Galicia (en adiante, Plan DigiTalent 2030), co que a Xunta de Galicia asume o compromiso de promover un novo paradigma de sociedade máis próspera e inclusiva, con persoas máis preparadas para adaptarse e coexistir coa continua evolución tecnolóxica tanto na súa vida profesional como privada.

Para iso, o plan pon o foco no fomento da competitividade sostible, a equidade social e a resiliencia, a través da capacitación e empoderamento dixital da cidadanía e o reforzo e adaptación proactiva das capacidades dos profesionais e expertos á nova contorna dixital, impulsando o desenvolvemento e dispoñibilidade dun talento especializado nas novas tendencias tecnolóxicas que lidere a resposta aos retos actuais e futuros da dixitalización da nosa comunidade.

No marco do Plan DigiTalent 2030 e da Estratexia de Formación Profesional Galicia 2030, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Amtega asinaron un convenio para levar a cabo o Programa Mentoring FP.

Mentoring FP é unha iniciativa que ten por obxecto a titoría e acompañamento do alumnado de Formación Profesional de ciclos de Grao Superior e de cursos de especialización para a identificación de saídas profesionais e o desenvolvemento da súa carreira profesional ou a posta en marcha dun proxecto emprendedor.

Neste contexto, e conscientes da importancia de establecer mecanismos que contribúan a mellorar e impulsar talento dixital e a adaptación do alumnado ás necesidades tecnolóxicas actuais e futuras da economía da rexión, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Primeiro. Obxecto

Convocar o procedemento de selección de alumnado matriculado en centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para a súa participación no Programa Mentoring FP durante o curso 2022/2023.

Segundo. Actividades do programa

A través deste programa o alumnado participante contará coa orientación específica dunha persoa mentora, responsable da identificación de saídas laborais adaptadas ao perfil do estudante, así como co seu asesoramento para a posta en marcha dun proxecto emprendedor.

A persoa mentora será un/unha responsable da empresa que acompañará e compartirá os seus coñecementos e a súa experiencia no sector para guiar e potenciar o talento e as habilidades do alumnado.

O alumnado participante terá, ademais, a posibilidade de realizar o módulo de Formación en Centros de Traballo (FCT) na mesma empresa. Neste caso, o/a titor/a de FCT deberá ser distinto/a da persoa mentora.



As empresas, número de prazas e emprazamento das mesmas detállanse a continuación:

Empresa	Ciclo de Grao Superior		Curso de especialización			TOTAL
	A Coruña	Santiago	A Coruña	Santiago	Vigo	
Altia	1*	2*	1	1	2	7
DXC Technology	-	2*	-	-	-	2
Inetum	2	2	-	-	-	4
NTT Data	5	-	-	-	-	5

*Prazas con oferta simultánea da FCT

O detalle das actividades a realizar durante este programa serán definidas polas persoas mentoras nun plan de *mentoring* específico acorde ao perfil do alumnado participante.

Terceiro. Temporalización do Programa Mentoring FP

O programa desenvolverase de marzo a xuño e terá unha duración estimada de 60 horas, o 50% das cales poderán realizarse de forma virtual. O horario das mesmas será acordado posteriormente entre o alumnado e as persoas mentoras.

Cuarto. Destinatarios

Alumnado matriculado nos ciclos de Grao Superior e cursos de especialización da familia profesional de Informática e comunicacións en centros sostidos con fondos públicos, dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A continuación, detállanse as ensinanzas participantes no programa:

FAMILIA	NIVEL	NOME
INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS	Ciclo de Grao Superior	ADMINISTRACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS EN REDE
		DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS MULTIPLATAFORMA
		DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS WEB
	Curso de especialización	CIBERSEGURIDADE EN CONTORNOS DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN
		DESENVOLVEMENTO DE VIDEOXOGOS E REALIDADE VIRTUAL
		INTELIXENCIA ARTIFICIAL E BIG DATA

Quinto. Proceso de solicitude e prazo de presentación

Para participar neste programa o centro educativo deberá cubrir e presentar a instancia de solicitude (Anexo I).

Xunto coa solicitude é obrigatorio que se remita como información do alumnado:

- Copia do documento de identidade (DNI, NIE ou pasaporte).
- Currículo co formato Europass, que se poderá elaborar no enderezo <https://europass.cedefop.europa.eu/es/documents/curriculum-vitae>.



As solicitudes enviaranse desde a conta de correo do centro, a solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal co asunto "Solicitud programa Mentoring FP 2022-2023". Poderase presentar unha solicitude por centro.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

(<https://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Sexto. Selección de alumnado participante

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes publicarase a relación provisional de persoas solicitantes no enderezo <https://www.edu.xunta.gal/fp>.

Establécese un prazo de reclamación de 5 días contados desde o día seguinte ao da publicación. Transcorrido este prazo farase pública a relación definitiva de persoas solicitantes na mesma paxina web.

A selección do alumnado realizarase pola empresas en colaboración cos centros participantes mediante entrevistas persoais levadas a cabo por persoal das empresas participantes en presenza da persoa titora do/a alumno/a no centro educativo. Na entrevista valorarase a adecuación do perfil persoal, académico e profesional do aspirante con relación á actividade da empresa mentora. A listaxe de alumnado seleccionado será publicada no portal <https://www.edu.xunta.gal/fp>.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

M^a Eugenia Pérez Fernández

A Directora Xeral de Formación Profesional

